

[www.fetram.com](http://www.fetram.com)

C/ Celso Emilio Ferreiro, 9- Sótano 2º - 36203 Vigo (Pontevedra)

Tel. 986 480 517\* Fax 886 127 720 - Email: [comunicacion@fetram.com](mailto:comunicacion@fetram.com) – Web site: [www.fetram.com](http://www.fetram.com)

---

## Os transportistas galegos secundarán o Paro Estatal



As federacións galegas de transportistas FETRAM e FEGATRANS-APETAMCOR, integrantes do Comité Galego de Transportes, e que agrupan na actualidade a máis de 1.500 autónomos e pemes do sector do transporte de mercadorías por estrada de Galicia, tras a publicación da sentenza do Tribunal de Xustiza da UE o pasado 27 de febreiro que declara a ilegalidade do Imposto sobre as Vendas Minoristas de Determinados Hidrocarburos (IVMDH), denominado coloquialmente “céntimo sanitario”, constituíron en marzo a Plataforma Galega de pola

Devolución do Céntimo Sanitario ao Transporte.

O obxecto desta Plataforma era o de organizar de forma coordinada a través dun procedemento común e ao mínimo custo as reclamacións de devolución dos transportistas galegos. A esta altura, desde esta Plataforma xa se canalizaron máis de 1.000 reclamacións de outros tantos transportistas correspondentes aos anos 2010, 2011 e 2012, superando a cantidade total reclamada a cifra dos 15 millóns de euros.

No día de onte, os presentantes de ditas federacións, Fernando Teijeiro, Antonio Fernández e Alberto Vila compareceron ante os medios de comunicación para valorar negativamente e por tanto rexeitar de forma enérxica a decisión do Ministerio de Facenda de aplicar o tesoirazo ás devolucións céntimo sanitario na vía administrativa dos ingresos indebidos, de tal xeito que só pretender devolver unha pequena parte do imposto recadado nos anos 2010, 2011 e 2012, que para aqueles que repostaron en estacións de servizo de Galicia se reduce a unicamente un terzo da cantidade total.

Neste contexto, os dirixentes do sector en Galicia manifestaron o apoio do transporte galego ao Paro Xeral do Transporte convocado para o 17 de Novembro por todas as federacións de transportistas que compoñen o Comité Nacional de Transporte por Carretera, na súa reunión do martes 28 de outubro. Ao mesmo tempo, sinalaron que os servizos xurídicos cos que traballan xa están a preparar os recursos necesarios para esgotar se for necesario a vía xudicial na reclamación das cantidades que a Axencia Tributaria non devolta en vía administrativa.

Por outra banda, informaron de que das máis de 1.000 reclamacións presentadas a través da Plataforma, xa se están a recibir as primeiras resolucións de devolución onde se confirma o tesoirazo de Facenda e xa se fixeron efectivos varios abonos aos reclamantes correspondentes a ditas resolucións.

Por último, ambas federacións galegas de transportistas anuncian a celebración nos próximos días de Asembleas Informativas cos transportistas co obxecto de trasladar toda a información da que se dispón das actuacións, intencións e posicións do Ministerio de Facenda, responder a todas as dúbidas que poidan existir ao respecto, informar dos seguintes pasos a dar e coñecer a opinión dos asociados en relación a dita convocatoria de Paro.